



INFORME DE INTERVENCIÓN

Asunto: *Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto, débeda pública e período medio de pago con motivo das liquidacións e contas anuais a 31 de decembro de 2013 e para acompañamento da Conta Xeral de 2013.*

En cumprimento do artigo 16 do Real decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (en adiante REO), e do disposto na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante LOE) emítese o presente informe en relación ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto, de débeda pública e do período medio de pago para o acompañamento da Conta Xeral da Deputación de Lugo e as contas anuais da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (en adiante SUPLUSA), da Fundación para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (en adiante Fundación TIC) e do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento (en adiante Consorcio de bomberos) do exercicio 2013.

1. ANTECEDENTES.

Con data de 31 de xaneiro de 2014 pola Intervención da Deputación Provincial de Lugo emítese informe coa finalidade de avaliar o obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra de gasto, débeda pública e período medio de pago a nivel consolidado a 31 de decembro de 2013. O informe tiña carácter provisional, ao non ter datos definitivos da liquidación da Deputación e do Consorcio de bombeiros e das contas anuais da Fundación TIC e de SUPLUSA, e concluía que a liquidación a 31 de decembro de 2013, a nivel consolidado, cumpría co obxectivo de estabilidade orzamentaria (ao presentar unha capacidade de financiamento de 15.329.625,08 €) e de regra do gasto. O citado informe remitíuse ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con data de 31 de xaneiro de 2014 e elevouse ao Pleno desta Deputación celebrado o 25 de febreiro de 2014.

O 27 de febreiro de 2014 emítese pola Intervención da Deputación Provincial de Lugo informe coa finalidade de avaliar o obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto, a débeda pública e o período medio de pago a 31 de decembro de 2013, o cal, tiña carácter provisional, ao non ter datos definitivos da liquidación do Consorcio de Bombeiros e das contas anuais de SUPLUSA e a Fundación TIC. Segundo este informe a liquidación da Deputación Provincial de Lugo a 31 de decembro de 2013, a nivel individual e a nivel consolidado, cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto, débeda pública e período medio de pago, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

No presente informe actualízanse os datos, sendo definitivos os da Deputación de Lugo, os do Consorcio de Bombeiros e os da Fundación TIC. As Contas Anuais do exercicio 2013 de SUPLUSA foron formuladas polo Consello de Administración da sociedade con data de 31 de marzo de 2014 e auditadas segundo o informe

de 14 de abril de 2014 e serán sometidas á aprobación definitiva da Xunta Xeral de Accionistas na sesión que se celebrará o próximo 27 de maio de 2014

2. ÁMBITO SUBJECTIVO DE APLICACIÓN.

Os entes públicos dependentes da Deputación, a saber, SUPLUSA, a Fundación TIC e o Consorcio de bomberos serán consideradas entidades comprendidas no ámbito do artigo 2.1 da LOE e do 4.1 do REO, ó prestar servizos ou producir bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais.

3. CONSOLIDACIÓN DOS ORZAMENTOS INICIAIS E DEFINITIVOS 2013

3.1.- Créditos iniciais:

No informe de intervención de 19 de novembro de 2012 analízase o obxectivo de estabilidade orzamentaria dos orzamentos de 2013 no que se conclúe que a nivel consolidado, cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria ao presentar unha capacidade de financiamento de 12.456.519,75 €, despois de realizar os axustes oportunos dacordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

ORZAMENTO INICIAL 2013

		DEPUTACIÓN	SUPLUSA	FUNDACION TIC	CONSORCIO COMBEROS	AXUSTES POR TRANSFER. INTERNAS	TOTAL
I N G R E S O S	CAP. 1	4.638.556,40	0,00	0,00	0,00	0,00	4.638.556,40
	CAP. 2	3.970.767,20	0,00	0,00	0,00	0,00	3.970.767,20
	CAP. 3	9.335.597,94	0,00	0,00	152.500,00	0,00	9.488.097,94
	CAP. 4	63.317.780,27	3.210.000,00	1.565.455,00	4.608.418,40	-7.079.664,20	65.621.989,47
	CAP. 5	880.000,00	90.819,06	12.000,00	100,00	0,00	982.919,06
	CAP. 6	20.000,00	1.934.518,35	1.000.000,00	0,00	0,00	2.954.518,35
	CAP. 7	6.617.682,85	750.000,00	0,00	7.200,00	-1.003.600,00	6.371.282,85
	CAP. 8	300.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	300.000,00
	CAP. 9	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL		89.080.384,66	5.985.337,41	2.577.455,00	4.768.218,40	-8.083.264,20	94.328.131,27

		DEPUTACIÓN	SUPLUSA	FUNDACION TIC	CONSORCIO BOMBEROS	AXUSTES POR TRANSFER. INTERNAS	TOTAL
G A S T O S	CAP. 1	24.127.038,15	890.000,00	959.881,00	82.251,33	0,00	26.059.170,48
	CAP. 2	13.939.887,90	1.461.436,64	466.950,00	4.678.567,07	0,00	20.546.841,61
	CAP. 3	620.208,32	389.903,86	10.624,00	100,00	0,00	1.020.836,18
	CAP. 4	15.707.517,14	0,00	70.000,00	100,00	-7.079.664,20	8.697.952,94
	CAP. 6	19.404.741,99	50.000,00	1.070.000,00	7.100,00	0,00	20.531.841,99
	CAP. 7	5.718.468,32	0,00	0,00	100,00	-1.003.600,00	4.714.968,32
	CAP. 8	300.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	300.000,00
	CAP. 9	6.868.979,90	3.193.996,91	0,00	0,00	0,00	10.062.976,81
	TOTAL		86.686.841,72	5.985.337,41	2.577.455,00	4.768.218,40	-8.083.264,20

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCIERO:

TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	88.780.384,66	5.985.337,41	2.577.455,00	4.768.218,40	-8.083.264,20	94.028.131,27
TOTAL GASTOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	79.517.861,82	2.791.340,50	2.577.455,00	4.768.218,40	-8.083.264,20	81.571.611,52
NECESIDADE / CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	9.262.522,84	3.193.996,91	0,00	0,00	0,00	12.456.519,75

- A capacidade de financiamento inicial prevista no orzamento aprobado por un importe de 12.456.519,75 €
- A aplicación do remanente de tesourería do exercicio 2012 (concepto 870 do estado de ingresos) como fonte de financiación de modificacións de créditos dos capítulos I a VII do estado de gastos durante o exercicio 2013, por un importe total de -36.138.562,92 € (-35.569.949,75 € no caso da Deputación, de -58.505,00 € no caso da Fundación TIC e de -510.108,17 € no caso do Consorcio de bombeiros).
- Por transferencias de crédito dos capítulos 1 a 7 aos capítulos 8 e 9 no caso da Deputación por un importe de 63.000,00 € que produce un menor déficit aos efectos de estabilidade orzamentaria.

En consecuencia, pode afirmarse que o incremento no desequilibrio de 36.075.562,92 € débese á aplicación do remanente de tesourería do exercicio 2012 para financiar gastos por operacións non financeiras (capítulos I a VII) por un importe de 36.138.562,92 € e a modificacións orzamentarias (transferencias de crédito aos capítulos 8 e 9) que no seu conxunto producen un menor déficit aos efectos de estabilidade orzamentaria por un importe de -63.000,00 €. Resulta evidente que o incremento no desequilibrio ou necesidade de financiamento non requiriu no momento de tramitar os expedientes de modificación de créditos de ningún axuste económico de reequilibrio por estar garantida o seu financiamento con "aforro", e dicir con superávit acumulado en exercicios anteriores, acreditado a 31 de decembro de 2012 a través da magnitude do remanente de tesourería, e por establecelo así o artigo 21.1 do REO, sendo o criterio do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en respostas a consultas de normativa de orzamentos de EELL, manifestando que as modificacións de crédito deben aprobarse dando cumprimento ás normas orzamentarias contidas no TRLRFL e no RD 500/90, podendo valorarse o cumprimento do obxectivo de estabilidade e de regra de gasto de forma trimestral coincidindo coa obriga de remitir tal información no marco da Orde 2105/2012, de 1 de outubro.

4. AVALIACIÓN ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E REGRA DE GASTO, DÉBEDA PÚBLICA E PERIODO MEDIO DE PAGO CON MOTIVO DA CONTA XERAL A 31 DE DECEMBRO DE 2013

I) ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E REGRA DO GASTO:

Realízase a consolidación dos datos contidos nas liquidacións dos orzamentos a 31 de decembro de 2013 da propia Deputación Provincial, do Consorcio de bombeiros e das contas anuais de SUPUSA e da Fundación TIC.

De conformidade co disposto no artigo 115 do R.D. 500/90, para efectuar a consolidación dos orzamentos anteriores, deberán harmonizarse os estados de gastos e ingresos eliminando as operacións internas.

Os axustes que proceden por **eliminación das operacións internas** serían:

**3.1.- Créditos definitivos:**

As modificacións de crédito no momento da Liquidación do orzamento presentan as cifras de previsións definitivas de ingresos e gastos seguintes, despois de realizar os axustes oportunos dacordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

**ORZAMENTO DEFINITIVO 2013
CONSOLIDADO**

	DEPUTACIÓN	SUPLUSA	FUNDACION TIC	CONSORCIO COMBEROS	AXUSTES POR TRANSFER. INTERNAS	TOTAL	
I N G R E S O S	CAP. 1	4.638.556,40	0,00	0,00	0,00	0,00	4.638.556,40
	CAP. 2	3.970.767,20	0,00	0,00	0,00	0,00	3.970.767,20
	CAP. 3	9.335.597,94	0,00	0,00	740.320,93	0,00	10.075.918,87
	CAP. 4	65.659.011,72	3.210.000,00	1.625.505,00	4.020.597,47	-15.626.259,99	58.888.854,20
	CAP. 5	880.000,00	90.819,06	12.000,00	100,00	0,00	982.919,06
	CAP. 6	20.000,00	1.934.518,35	1.000.000,00	0,00	0,00	2.954.518,35
	CAP. 7	17.554.144,00	750.000,00	0,00	7.200,00	-2.224.146,15	16.087.197,85
	CAP. 8	40.278.866,19	0,00	58.505,00	510.108,17	0,00	40.847.479,36
	CAP. 9	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	142.336.943,45	5.985.337,41	2.696.010,00	5.278.326,57	-17.850.406,14	138.446.211,29	

	DEPUTACIÓN	SUPLUSA	FUNDACION TIC	CONSORCIO BOMBEROS	AXUSTES POR TRANSFER. INTERNAS	TOTAL	
G A S T O S	CAP. 1	22.857.367,90	890.000,00	967.555,00	82.251,33	0,00	24.797.174,23
	CAP. 2	20.673.749,13	1.461.436,64	604.655,00	4.678.567,07	-512.851,88	26.905.555,96
	CAP. 3	666.366,34	389.903,86	7.500,00	100,00	0,00	1.063.870,20
	CAP. 4	24.336.473,82	0,00	86.300,00	100,00	-17.213.408,11	7.209.465,71
	CAP. 6	45.006.457,10	50.000,00	1.030.000,00	517.208,17	-124.146,15	46.479.519,12
	CAP. 7	14.762.089,88	0,00	0,00	100,00	0,00	14.762.189,88
	CAP. 8	1.233.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1.233.000,00
	CAP. 9	10.407.896,34	3.193.996,91	0,00	0,00	0,00	13.601.893,25
	TOTAL	139.943.400,51	5.985.337,41	2.696.010,00	5.278.326,57	-17.850.406,14	136.052.668,35

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO:

TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	102.058.077,26	5.985.337,41	2.637.505,00	4.768.218,40	-17.850.406,14	97.598.731,93
TOTAL GASTOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	128.302.504,17	2.791.340,50	2.696.010,00	5.278.326,57	-17.850.406,14	121.217.775,10
NECESIDADE / CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	-26.244.426,91	3.193.996,91	-58.505,00	-510.108,17	0,00	-23.619.043,17

Ao comparar as previsións definitivas de ingresos e gastos do orzamento consolidado de 2013 refléxase un desequilibrio en termos de estabilidade orzamentaria de -23.619.043,17 €, maior que a inicialmente prevista, que teñen os seguintes orixenes:



- a) Deducción por transferencias correntes da Deputación de Lugo ata 31 de decembro de 2013 a:
1. Consorcio de bombeiros 2.010.298,73
 2. SUPLUSA 3.220.055,41
 3. Fundación TIC 1.565.455,00
 - Total 6.795.809,14
- b) Deducción por gastos correntes da Deputación ata 31 de decembro de 2013 a:
1. SUPLUSA 613.975,46
- c) Deducción por transferencias de capital da Deputación ata 31 de decembro de 2013 a:
1. SUPLUSA 668.156,24
 2. Consorcio de bombeiros 175.880,66
 - Total 844.036,90
- d) Deducción por inversión reais da Deputación ata 31 de decembro de 2013 a:
1. Fundación TIC 55.508,40
- Total 8.309.329,90

▪ Deputación Provincial de Lugo:

LIQUIDACIÓN 2013

		DEPUTACIÓN (DRN)
INGRESOS	CAP. 1	4.582.353,00
	CAP. 2	4.110.547,16
	CAP. 3	6.185.882,01
	CAP. 4	62.223.835,91
	CAP. 5	777.490,02
	CAP. 6	208.479,77
	CAP. 7	5.043.408,81
	CAP. 8	235.106,25
	CAP. 9	0,00
	TOTAL	83.367.102,93

		DEPUTACIÓN (ORN)
GASTOS	CAP. 1	19.316.183,97
	CAP. 2	11.863.528,86
	CAP. 3	330.549,56
	CAP. 4	17.793.604,41
	CAP. 6	14.539.145,49
	CAP. 7	7.451.577,96
	CAP. 8	1.071.160,30
	CAP. 9	10.404.697,07
	TOTAL	82.770.447,62

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCIERO:

TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	83.131.996,68
TOTAL GASTOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	71.294.590,25
NECESIDADE / CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	11.837.406,43

A partir dos criterios contidos no "Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais (1ª edición)" elaborado pola Intervención Xeral de Administración do Estado cómpre a realización dunha serie de axustes nas magnitudes orzamentarias anteriores para adaptar a información contable aos criterios de Contabilidade Nacional contidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95). Tivéronse en conta as seguintes consideracións:

1. Rexistro en contabilidade nacional dos impostos, cotizacións sociais, taxas e outros ingresos: para os ingresos contabilizados nos capítulos I, II e III (agás os impostos cedidos parcialmente) do orzamento de ingresos, utilízase o criterio de caixa de cada exercicio, sexa do exercicio corrente ou de exercicios pechados. De este xeito obtemos os seguintes importes:

	CAP 1	CAP 2	CAP 3
- Dereitos recoñecidos netos	2.132.274,54	0,00	6.185.882,01
- Recad. líquida (ex. corrente e pechados)	1.937.959,97	0,00	5.984.612,80
Axuste (maior déficit en cont. nacional)	-194.314,57	0,00	-201.269,21
Axuste (menor déficit en cont. nacional)	0,00	0,00	0,00

2. Tratamento das entregas a conta de impostos cedidos, do fondo complementario de financiamento e do fondo de financiamento de asistencia sanitaria: en contabilidade nacional estes pagos rexístranse no período no que se pagan, e a liquidación definitiva resultante, no momento en que se determina a súa contía e se satisfai. Os dereitos recoñecidos netos destes conceptos correspóndense coas entregas a conta mensuais (xaneiro a decembro de 2013), a liquidación definitiva do ano 2011 e as devolucións das liquidacións definitivas da participación das entidades locais en tributos do Estado correspondente aos anos 2008 e 2009. Coa finalidade de non incluír no cálculo o efecto das liquidacións definitivas da participación das entidades locais en tributos do Estado correspondente aos anos 2008 e 2009, tal e como se indica no acordo da Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal, da Comisión Nacional de Administración Local (CNAL) e na plataforma da oficina virtual da estudades locais do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en relación á información a comunicar para o cumprimento das obrigas contempladas na Orden HAP/2015/2012, de 1 de outubro en relación ás información trimestrais de 2013.

- Axuste por liq. PTE 2008 (menor déficit en contabilidade nacional)474.092,88 €
- Axuste por liq. PTE 2009 (menor déficit en contabilidade nacional)1.978.971,84 €

3. Consolidación de transferencias entre administracións públicas: Tódolos dereitos recoñecidos por transferencias correntes e de capital contabilízanse polo criterio do recoñecemento do dereito simultáneo ao cobro efectivo, exceptuándose do criterio xeral anterior as cantidades recoñecidas pendentes de cobro procedentes das achegas dos Concellos ao POS (23.718,18 €) e ao servizo de teleasistencia (53.245,57 €).

Tendo en conta que en contabilidade nacional deben respectarse os criterios de contabilización aos que está suxeito o pagador da transferencia, considéranse exclusivamente os importes efectivamente recadados ata o 31 de decembro de 2013 por dereitos recoñecidos en dito exercicio ou en exercicios anteriores.



- Axuste (maior déficit en contabilidade nacional)..... -76.963,75 €

4. Ingresos obtidos do orzamento da Unión Europea: Nos ingresos obtidos pola corporación como destinataria final dos fondos comunitarios, ao xestionar proxectos cofinanciados pola Unión Europea, o momento do recoñecemento dos fondos en contabilidade nacional é o da remisión pola Corporación da certificación do gasto ás unidades administradoras, é dicir, o importe resultante de aplicar a porcentaxe de financiamento que corresponda co gasto certificado e remitido á unidade administradora. Polos citados importes recoñeceronse os dereitos recoñecidos no orzamento de ingreso polo que o criterio da contabilidade da entidade e os de contabilidade nacional coinciden non sendo necesario a realización de ningún axuste.

5. Tratamento dos xuros en contabilidade nacional: rexe o principio de devengo, de xeito que deberán incorporarse os xuros devengados no exercicio 2013, tanto vencidos como non vencidos.

PRÉSTAMO	CONTABILIDADE ORZAMENTARIA (capítulo 3)	CONTABILIDADE NACIONAL	AXUSTE (+ MENOR DÉFICIT/- MAIOR DEFICIT)
BBVA (9542679956)	22.935,50	18.191,30	4.744,20
BBVA (0202070105)	1.501,76	1.501,76	0,00
BBVA (95-46196368)	35.059,06	35.059,06	0,00
NOVAGALICIA BANCO (2081/0163/50017080/5)	31.203,72	31.203,72	0,00
NOVAGALICIA BANCO (500-0163-17374/0)	121.809,23	121.809,23	0,00
BBVA (11-0058011)	10.227,70	10.227,70	0,00
TOTAL	222.736,97	217.992,77	4.744,20

6. Arrendamentos financeiros: Contabilizase orzamentariamente cada ano a amortización no capítulo 6 e o gasto financeiro no capítulo 3. Os contratos de arrendamento financeiro vixentes no exercicio proceden de exercicios pasados polo que é preciso a realización dun axuste neste período polo importe das cotas de recuperación do custe dos bens por un importe de 84.476,39 €.

- Axuste (menor déficit en contabilidade nacional).....84.476,39

7. Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da corporación local: A conta 413 "Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento" recolle as obrigas derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos, para os que non se produciu a aplicación ao orzamento. Estaríamos ante obrigas respecto as que, non dictándose o correspondente acto formal de recoñecemento e liquidación, derivanse de bens e servizos efectivamente recibidos.

O saldo da conta 413 ao final do exercicio é maior que o inicial nun importe de 207.784,29 €, o que dará lugar a un axuste como maior gasto non financiero en contabilidade nacional, aumentando o déficit da corporación.

- Axuste (maior déficit en contabilidade nacional)..... -207.784,29

8. Aportaciones de capital: desde o punto de vista orzamentario, as aportacións de capital por adquisicións de accións realizadas no exercicio 2013 por un importe de 900.000,00 €, aparecen recollidas no capítulo 8 do orzamento de gastos segundo o establecido na Orden EHA/3565/2008, de 3 de decembro, polo que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais. O tratamento en contabilidade nacional dependerá do destino que se lle dé á achega e de si a participación na sociedade é indicativa de rentabilidade. No caso que nos ocupa o obxectivo da aportación de capital non é a obtención de rentabilidade polo que esta operación debe de ser considerada como operación non financeira, afectando ao déficit da entidade.

- Axuste (maior déficit en contabilidade nacional)..... -900.000,00

9. Non existen investimentos realizados polo sistema de "abono total do prezo" ou realizados por conta da Deputación, nin percepción de dividendos ou participación en beneficios. Tampouco houbo operacións de permuta financeira, nin operacións de execución e reintegro de avais, nin aportacións de capital a empresas públicas no exercicio, nin asunción ou cancelación de débedas de empresas públicas provinciais, nin gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da corporación local.

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NA LIQUIDACION A 31 DE DECEMBRO DE 2013
S/ CONTABILIDADE NACIONAL

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO:		DEPUTACIÓN
TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS (capítulos 1 a 7)		83.131.996,68
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS (capítulos 1 a 7)		71.294.590,25
(-) NECESIDADE / (+) CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO		11.837.406,43
GR000	Axuste por recadación ingresos capítulo 1	-194.314,57
GR000b	Axuste por recadación ingresos capítulo 2	0,00
GR000c	Axuste por recadación ingresos capítulo 3	-201.269,21
GR001	(+) Axuste por liquidación PTE - 2008	474.092,88
GR002	(+) Axuste por liquidación PTE - 2009	1.978.971,84
GR006	Xuros	4.744,20
GR006b	Diferenzas de cambio	0,00
GR015	(+/-) Axuste por grao de execución do gasto	0,00
GR009	Invers. realizadas por conta da Corporación	0,00
GR004	Ingresos por alleamentos de accións (privatizacións)	0,00
GR003	Dividendos e participacións en beneficios	0,00
GR016	Ingresos obtidos do pto. da Union Europea	0,00
GR017	Operacións de permuta financeira (SWAPS)	0,00
GR018	Operacións de reintegro e execución de avais	0,00
GR012	Aportacións de capital	-900.000,00
GR013	Asunción e cancelación de débedas	0,00
GR014	Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	-207.784,29
GR008	Adquisicións con pago aprazado	0,00
GR008a	Arrendamento financeiro	84.476,39
GR008b	Contratos de asociación publico privada (APP's)	0,00
GR010	Inversións realizadas pola corporación local por conta doutra Administración Publica	0,00
GR019	Préstamos	0,00
GR099	Outros (Transferencias entre AAPP)	-76.963,75
Total de axustes ao orzamento da Entidade		961.953,49
(-) NECESIDADE / (+) CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO AXUSTADO		12.799.359,92



APLICACIÓN DA REGRA DO GASTO NA LIQUIDACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2013

CONTABILIDADE NACIONAL

S/

Concepto	Liquidación		Observacións
	Exercicio 2012 (I)	Liquidación 2013	
Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos (excluídos gts. Financeiros)	91.197.131,48	70.964.040,69	
AXUSTES Cálculo empregos non financeiros según o SEC	-73.170,82	1.023.307,90	
(-) Alleamento de terreos e demais inversións reais.	0,00	0,00	
(+/-) Inversións realizadas por conta da Corporación Local	0,00	0,00	
(+/-) Execución de avais.	0,00	0,00	
(+) Aportacións de capital.	0,00	900.000,00	
(+/-) Asunción e cancelación de débedas.	0,00	0,00	
(+/-) Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento.	6.161,99	207.784,29	
(+/-) Pagos a socios privados realizados no marco das asociacións público privadas.	0,00	0,00	
(+/-) Adquisicións con pago aprazado.	0,00	0,00	
(+/-) Arrendamento financeiro.	-79.332,81	-84.476,39	
(+) Préstamos.	0,00	0,00	
(-) Mecanismo extraordinario de pago provedores 2012	0,00	0,00	
(-) Inversións realizadas pola Corporación local por conta doutra Administración Pública	0,00	0,00	
(+/-) Axuste por grao de execución do gasto	0,00	0,00	
Outros (Especificar)	0,00	0,00	
Empregos non financeiros terminos SEC excepto xuros da débeda	91.123.960,66	71.987.348,59	
(-) Pagos por transf. (e outras op. internas) a outras entidades que integran a Corp. Local	-18.186.295,81	-8.309.329,90	
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da UE ou doutras AAPP	-8.163.376,72	-5.023.624,53	
Union Europea	-3.561.492,56	-3.246.993,75	
Estado	-3.117.410,32	-692.153,19	
Comunidade Autónoma	-388.472,37	-90.809,39	
Diputacións	-5.829,79	-10.818,21	
Outras Administracións Públicas	-1.090.171,68	-982.849,99	
	0,00	0,00	
Total do gasto computable do exercicio	64.774.288,13	58.654.394,16	

(+/-) Incrementos/disminucións de recadacion por cambios normativos	0,00
---	------

Límite da regra de gasto: gasto computable exercicio anterior x tasa de referencia (1,7%)	65.875.451,03
Diferenza entre o "límite da regra de gasto" e "gasto computable liquidación 2013"	7.221.056,87
% de incremento gasto computable 2013 s/ 2012	-9,45%

▪ **Consortio de bombeiros:**

LIQUIDACIÓN 2013		
	CONSORCIO (DRN)	
I N G R E S O S	CAP. 1	0,00
	CAP. 2	0,00
	CAP. 3	737.820,93
	CAP. 4	4.020.597,47
	CAP. 5	3.035,89
	CAP. 6	0,00
	CAP. 7	351.761,32
	CAP. 8	0,00
	CAP. 9	0,00
	TOTAL	5.113.215,61
	CONSORCIO (ORN)	
G A S T O S	CAP. 1	24.155,28
	CAP. 2	4.660.450,87
	CAP. 3	0,00
	CAP. 4	0,00
	CAP. 6	329.811,38
	CAP. 7	0,00
	CAP. 8	0,00
	CAP. 9	0,00
	TOTAL	5.014.417,53
	SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO:	
TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	5.113.215,61	
TOTAL GASTOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	5.014.417,53	
NECESIDADE / CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	98.798,08	

É preciso a realización dos seguintes axustes para adaptar os importes da estimación da liquidación á contabilidade nacional:

1 Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos :

A conta 413 "Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento" recolle as obrigas derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos, para os que non se produciu a aplicación ao orzamento.

O saldo da conta 413 ao final do exercicio é maior que o inicial nun importe de 194.362,11 €, o que dará lugar a un axuste como maior gasto non financeiro en contabilidade nacional, aumentando o déficit da corporación.

- Axuste (maior déficit en contabilidade nacional)..... .. -194.362,11

2 Consolidación de transferencias entre administracións públicas:

Tódolos dereitos recoñecidos por transferencias correntes e de capital contabilízanse polo criterio do recoñecemento do dereito simultáneo ao cobro efectivo, exceptuándose do criterio xeral anterior as cantidades recoñecidas pendentes de cobro procedentes das achegas da Xunta de Galicia.



Tendo en conta que en contabilidade nacional deben respectarse os criterios de contabilización aos que está suxeito o pagador da transferencia, considéranse exclusivamente os importes efectivamente recadados ata o 31 de decembro de 2013 por dereitos recoñecidos en dito exercicio ou en exercicios anteriores.

- Axuste (maior déficit en contabilidade nacional)..... -251.308,64 €

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO:

CONSORCIO
BOMBEROS

TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS (capítulos 1 a 7)		5.113.215,61
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS (capítulos 1 a 7)		5.014.417,53
(-) NECESIDADE / (+) CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO		98.798,08
GR000	Axuste por recadación ingresos capítulo 1	0,00
GR000b	Axuste por recadación ingresos capítulo 2	0,00
GR000c	Axuste por recadación ingresos capítulo 3	0,00
GR001	(+) Axuste por liquidación PTE - 2008	0,00
GR002	(+) Axuste por liquidación PTE - 2008	0,00
GR006	Xuros	0,00
GR006b	Diferenzas de cambio	0,00
GR015	(+/-) Axuste por grao de execución do gasto	0,00
GR009	Invers. realizadas por conta da Corp.	0,00
GR004	Ingresos por alleamentos de accións (privatizacións)	0,00
GR003	Dividendos e participación en beneficios	0,00
GR016	Ingresos obtidos do orzamento da Union Europea	0,00
GR017	Operacións de permuta financeira (SWAPS)	0,00
GR018	Operacións de reintegro e execución de avais	0,00
GR012	Aportacións de capital	0,00
GR013	Asunción e cancelación de débedas	0,00
GR014	Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	-194.362,11
GR008	Adquisicións con pago aprazado	0,00
GR008a	Arrendamento financeiro	0,00
GR008b	Contratos de asociación publico privada (APP's)	0,00
GR010	Inversións realizadas pola corporación local por conta doutra Administración Publica	0,00
GR019	Préstamos	0,00
GR099	Outros (Transferencias entre AAPP)	-251.308,64
Total de axustes ao orzamento da Entidade		-445.670,75
(-) NECESIDADE / (+) CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO AXUSTADO		-346.872,67

APLICACIÓN DA REGRA DO GASTO NA LIQUIDACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2013
S/ CONTABILIDADE NACIONAL

(importes en €)

Concepto	Liquidación Ejercicio 2012	Liquidación 2013	Observacións
Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos (excluídos gts. Financeiros)	3.374.814,95	5.014.417,53	
AXUSTES Cálculo empregos non financeiros según o SEC		194.362,11	
(-) Alleamento de terrenos e demais inversións reais.	0,00	0,00	
(+/-) Inversións realizadas por conta da Corporación Local.	0,00	0,00	
(+/-) Execución de avais.	0,00	0,00	
(+) Aportacións de capital.	0,00	0,00	
(+/-) Asunción e cancelación de débedas.	0,00	0,00	
(+/-) Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	0,00	194.362,11	
(+/-) Pagos a socios privados realizados no marco das asociacións público privadas.	0,00	0,00	
(+/-) Adquisicións con pago aprazado.	0,00	0,00	
(+/-) Arrendamento financeiro.	0,00	0,00	
(+) Préstamos.	0,00	0,00	
(-) Mecanismo extraordinario de pago provedores 2012	0,00	0,00	
(-) Inversións realizadas pola Corporación local por conta doutra Administración Pública	0,00	0,00	
(+/-) Axuste por grao de execución do gasto	0,00	0,00	
Outros (Especificar)	0,00	0,00	
Empregos non financeiros términos SEC excepto xuros da débeda	3.374.814,95	5.208.779,64	
(-) Pagos por transf. (e outras op. internas) a outras entidades que integran a Corp. Local	0,00	0,00	
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras AAPP	0,00	0,00	
Unión Europea	0,00	0,00	
Estado	0,00	0,00	
Comunidade Autónoma	0,00	0,00	
Deputacións	0,00	0,00	
Outras Administracións Públicas	0,00	0,00	
(-) Transferencias por fondos dos sistemas de financiamento	0,00	0,00	
Total de gasto computable do exercicio	3.374.814,95	5.208.779,64	

(+/-) Incrementos/disminucións de recadación por cambios normativos	0,00
---	------

Límite da regra de gasto: gasto computable exercicio anterior x tasa de referencia (1,7%)	3.432.186,80
Diferenza entre o "límite da regra de gasto" e "gasto computable liquidación 2013"	-1.776.592,84
% de incremento gasto computable 2013 s/ 2012	54,34%

▪ **Fundación TIC:**

**CAPACIDADE/NECESIDADE FINANCIACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2013
CONFORME A NORMAS SEC**

FUNDACIÓN TIC	31/12/2013	Observacións
Ingresos a efectos de Contabilidade Nacional		
Importe neto de cifra negocios	1.718.762,46	
Traballos previsto realizar pola empresa para o seu activo	600,00	
Ingresos accesorios e outros ingresos da xestión corrente	0,00	
Subvencións e transferencias correntes	0,00	
Ingresos financeiros por xuros	1689.138,65	
Ingresos de participacións en instrumentos de patrimonio (dividendos)	29.023,81	
Ingresos excepcionais	0,00	
Aportacións patrimoniais	0,00	
Subvencións de capital previsto recibir	0,00	
Gastos a efectos de Contabilidade Nacional	1.488.577,99	
Aprovisionamentos	16.892,41	
Gastos de persoal	950.300,73	
Outros gastos de explotación	404.848,22	
Gastos financeiros e asimilados	14.12,67	
Gastos financieros e asimilados	0,00	
Outros impostos	0,00	
Gastos excepcionais	125.148	
Variacións do Inmov. material e intanxible; de inv. inmobiliarias; de existencias	52.514,27	
Variac. existencias de pto terminados e en curso de fabricación	0,00	
Aplicación de provisións	0,00	
Aplicación de provisións	0,00	
Axudas, transferencias e subvencións concedidas	61.358,21	
(+) CAPACIDADE / (-) NECESIDADE DE FINANCIAMENTO	230.184,47	

APLICACIÓN DA REGRA DO GASTO A 31 DE DECEMBRO DE 2013 S/ CONTABILIDADE NACIONAL

FUNDACIÓN TIC	LIQUIDACIÓN EJERCICIO ANTERIOR (2012)	31/12/2013	Observacións
Aprovisionamentos	19.153,90	16.892,41	
Gastos de persoal	852.708,56	950.300,73	
Outros gastos de explotación	453.073,88	404.848,22	
Imposto de sociedades	0,00	0,00	
Outros impostos	0,00	0,00	
Gastos excepcionais	225,00	1.251,48	
Variacións do Inmov. material e intanxible; de inv. inmobiliarias; de existencias	14.692,00	52.514,27	
Variac. existencias de pto terminados e en curso de fabricación	0,00	0,00	
Aplicación de provisións	0,00	0,00	
Inversións efectuadas por conta da Entidade Local	0,00	0,00	
Axudas, transferencias e subvencións concedidas	0,00	0,00	
Empregos non financeiros términos SEC excepto xuros da débeda	45.311,64	61.358,21	
(-) Pagos por transferencias a outras entidades que integran a Corporación Local	0,00	0,00	
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da UE ou doutras AAPP	0,00	-113.060,20	
Unión Europea	0,00	0,00	
Estado	0,00	-57.632,20	
Comunidade Autónoma	0,00	0,00	
Deputacións	0,00	-55.428,00	
Outras AAPP	0,00	0,00	
Gasto computable do exercicio	1.385.164,98	1.374.105,12	
Límite da regra de gasto: gasto computable exercicio anterior x tasa de referencia (1,7 %)	1.408.712,78		
Diferenza entre o "límite da regra de gasto" e "gasto computable liquidación 2013"	34.607,66		
% de incremento gasto computable 2013 s/ 2012	-0,80%		

▪ **SUPLUSA:**

CAPACIDADE/NECESIDADE FINANCIACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2013 DA ENTIDADE CONFORME A NORMAS SEC

SUPLUSA	31/12/2013	Observacións
Ingresos a efectos de Contabilidade Nacional	5.907.342,78	
Importe neto de cifra negocios	762.496,50	
Traballos previsto realizar pola empresa para o su activo	0,00	
Ingresos accesorios e outros ingresos da xestión corrente	0,00	
Subvencións e transferencias correntes	3.839.566,99	
Ingresos financeiros por xuros	336.324,88	
Ingresos de participacións en instrumentos de patrimonio (dividendos)	0,00	
Ingresos excepcionais	10.645,45	
Aportacións patrimoniais	0,00	
Subvencións de capital previsto recibir	958.308,96	
Gastos a efectos de Contabilidade Nacional	3.521.863,07	
Aprovisionamentos	319.970,21	
Gastos de persoal	1.210.655,24	
Outros gastos de explotación	647.058,14	
Gastos financeiros e asimilados	165.996,02	
Outros impostos	-324,85	
Gastos excepcionais	20.414,98	
Variacións do Inmov. material e intanxible; de inv. inmobiliarias; de existencias	8.943,92	
Variac. existencias de pto terminados e en curso de fabricación	188.139,53	
Aplicación de provisións	0,00	
Inversiones efectuadas por cuenta de Administraciones y Entidades Públicas	961.009,88	
Axudas, transferencias e subvencións concedidas	0,00	
(+) CAPACIDADE / (-) NECESIDADE DE FINANCIAMENTO	2.385.479,71	
Axustes por operacións internas	-15.571,14	
(+) CAPACIDADE / (-) NECESIDADE DE FINANCIAMENTO	2.369.908,57	

APLICACION DA REGLA DO GASTO NA ESTIMACION A 31 DE DECEMBRO DE 2013 S/ CONTABILIDADE NACIONAL

SUPLUSA	LIQUIDACIÓN EJERCICIO ANTERIOR (2012)	31/12/2013	Observacións
Aprovisionamentos	344.332,54	319.970,21	
Gastos de persoal	1.197.696,47	1.210.655,24	
Outros gastos de explotación	565.617,39	647.058,14	
Imposto de sociedades	98.265,03	-324,85	
Outros impostos	0,00	0,00	
Gastos excepcionais	768.415,72	20.414,98	
Variacións do Inmov. material e intanxible; de inv. inmobiliarias; de existencias	80.745,76	8.943,92	
Variac. existencias de pto terminados e en curso de fabricación	1.100.706,70	188.139,53	
Aplicación de provisións	13.247,20	0,00	
Inversións efectuadas por conta da Entidade Local	0,00	961.009,88	
Axudas, transferencias e subvencións concedidas	0,00	0,00	
Empregos non financeiros términos SEC excepto xuros da débeda	4.169.026,81	3.355.867,05	
(-) Pagos por transferencias a outras entidades que integran a Corporación Local	0,00	0,00	
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da UE ou doutras AAPP	-729.222,88	-679.546,60	
Unión Europea	0,00	0,00	
Estado	0,00	0,00	
Comunidade Autónoma	0,00	0,00	
Deputacións	-729.222,88	-679.546,60	
Outras AAPP	0,00	0,00	
Gasto computable do exercicio	3.439.803,93	2.676.320,45	
Límite da regra de gasto: gasto computable exercicio anterior x tasa de referencia (1,7%)	3.498.280,60		
Diferenza entre o "límite da regra de gasto" e "gasto computable liquidación 2013"	821.960,15		
% de incremento gasto computable 2013 s/ 2012	-22,20%		



Resumo da análise:

Entidade	Ingreso non financeiro	Gasto non financeiro	Axustes propia Entidade	Axustes por operacións internas	Capac./Nec. Financ. Entidade
DEPUTACION DE LUGO	83.131.996,68	71.294.590,25	961.953,49		
CONSORCIO BOMBEIROS	5.113.215,61	5.014.417,53	-445.670,75	0,00	12.799.359,92
SUPLUSA	5.907.342,78	3.521.863,07	0,00	0,00	-346.872,67
FUNDACIÓN TIC	1.718.762,46	1.488.577,99	0,00	-15.571,14	2.369.908,57
			0,00	0,00	230.184,47
Capacidade/ Necesidade Financiamento da Corporación Local a nivel consolidado					15.052.580,29

Entidade	Gasto computable Liquidación 2012	Tasa de referencia	Aumentos/disminucións (art. 12.4)	Límite da regra do gasto	Gasto computable Liquidación 2013
DEPUTACION DE LUGO	64.774.288,13	65.875.451,03	0,00	65.875.451,03	58.654.394,16
CONSORCIO BOMBEIROS	3.374.814,95	3.432.186,80	0,00	3.432.186,80	5.208.779,64
SUPLUSA	3.439.803,93	3.498.280,60	0,00	3.498.280,60	2.676.320,45
FUNDACIÓN TIC	1.385.164,98	1.408.712,78	0,00	1.408.712,78	1.374.105,12
TOTAL DO GASTO COMPUTABLE	72.974.071,99	74.214.631,21	0,00	74.214.631,21	67.913.599,37

Diferenza entre o "Límite da regra do gasto" e o "Gasto computable Liquidación 2013" 6.301.031,84
 % incremento gasto computable 2013 s/ 2012 -6,93%

En conclusión, a entidade a nivel consolidado cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e de regra de gasto na liquidación a 31 de decembro de 2013.

Aos efectos establecidos no artigo 32 e a disposición adicional 6ª da LOE, a capacidade de financiamento da Corporación Local a nivel consolidado, ou o remanente de tesourería para gastos xerais si este fora menor, destinarase a reducir o nivel de endebedamento neto ou ao financiamento de inversións financeiramente sostibles que deberán cumprir os requisitos establecidos na disposición adicional decimosesta do TRLRFL introducida polo Real decreto lei 2/2014, de 21 de febreiro.

II) DÉBEDA PÚBLICA:

A 31 de decembro de 2013 a Deputación de Lugo cumpre cos límites de débeda pública, segundo se amosa na seguinte información (segundo a Disposición final 31 da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2013):

. Débeda viva a 01-01-2013 ^(*)	51.609.618,33 €
. Débeda viva a 31-03-2013 ^(*)	49.544.702,14 €
. Débeda viva a 30-06-2013 ^(*)	43.492.085,81 €
. Débeda viva a 30-09-2013 ^(*)	41.364.730,79 €
. Débeda viva a 31-12-2013 ^(*)	37.827.469,80 €
(*) Inclúe operacións de crédito co sector financeiro, o sector público e operación de arrendamento financeiro	
. Operacións de tesourería	Non existen
. Dereitos liquidados por operacións correntes na liquidación de 2012 a nivel consolidado.....	77.054.705,00 €

. Ingresos afectados a op. capital aplicados nos cap. 1 a 5	Non existen
. Ingresos extraord. aplicados aos capítulos 1 a 5	Non existen
. Nivel de endebedamento a 01-01-2013	66,98 %
. Nivel de endebedamento a 31-03-2013	64,30 %
. Nivel de endebedamento a 30-06-2013	56,44 %
. Nivel de endebedamento a 30-09-2013	53,68 %
. Nivel de endebedamento a 31-12-2013.....	49,09 %
. Aforro bruto a 31-12-2013	28.906.790,86 €
. Aforro neto a 31-12-2013	18.171.544,23 €
. Aforro neto deducidas as obrigas financiadas con remanente líquido de tesourería (8.450.156,49 €)	26.621.700,72 €

III) PERIODO MEDIO DE PAGO:

O período medio de pago da Deputación de Lugo e os seus entes dependentes en relación co cumprimento de prazos da Lei 15/2010, do cuarto trimestre de 2013 é o seguinte:

. Deputación de Lugo.....	8,81 días
. Consorcio de bombeiros.....	24,58 días
. SUPLUSA.....	30,25 días
. Fundación TIC.....	14,37 días

4. CONCLUSIÓNS.

Primeira: Emítase o presente informe coa finalidade de avaliar o obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto, a débeda pública e o período medio de pago a 31 de decembro de 2013.

Segunda: A Deputación Provincial de Lugo a 31 de decembro de 2013, a nivel individual e a nivel consolidado, cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto, débeda pública e período medio de pago, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Lugo, a 9 de maio de 2014.

A interventora,



Rosa Abelleira Fernández

